

UNIDADE DIDÁCTICA

RICARDO CARVALHO CALERO



Autoras: Belén Rodríguez, Charo Baleirón e Marta Domínguez

BIOGRAFÍA

Ricardo Carvalho Calero naceu o 30 de outubro do ano 1910 no número 51 da rúa San Francisco, situada no barrio de Ferrol Vello e foi o máis vello de seis irmáns (dous deles finaron de nenos). Os seus pais, Gabriel Ricardo Carballo Naya e M^a Dolores Calero Beltrán bautizárono na igrexa parroquial do Socorro como Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carballo Calero. Posteriormente, a partir de 1981 o gran pensador do reintegracionismo decide grafar o seu apelido como en portugués: Carvalho.

Súa nai, que falece cando o neno tiña nove anos, será quen lle ensine as primeiras letras. Seu pai volve casar coa irmá da súa nai e madriña do pícaro, Elvira Calero, que tamén falecerá un ano despois, en 1921, no parto. Estes pasamentos marcarán o carácter do pequeno. El mesmo recoñecerá que o falecemento da nai “determinou unha certa melancolía no meu carácter de entón, o que se cadra estaba tamén en parte determinado pola miña afición introspectiva (...) efectivamente, eu fun un neno triste, porque niña nai morreu cando eu era mui novo”. Carmen Blanco: *Conversas con Carballo Calero*.



Primeira imaxe do neno Ricardo tirada de literaturagalega.as-pg.gal

Ricardo entra a estudar no colexio Sagrado Corazón de Jesús, situado moi preto da súa casa, na Rúa Real. Cursa por libre o Bacharelato e preséntase a exame no colexio Eusebio da Guarda da Coruña. Logo, tamén estudará na Academia de San José de Ferrol, onde preparaban os aspirantes a carreira militar aínda que, finalmente, decide ir á Universidade de Santiago de Compostela. Con 16 anos, trasládase a Compostela para licenciarse en Filosofía e Letras e en Dereito e para cumprir o servizo militar que, daquela, era obrigatorio. Nos seus anos de Universidade, entra en contacto co galeguismo e cos movementos culturais, sobre todo, co Seminario de Estudos Galegos onde ingresa en 1927 coa lectura dun conxunto de poemas agrupados baixo o título de “A dor cantareira”.¹

Na súa etapa como alumno de Dereito, a mediados de 1930, elíxeno presidente da Asociación Profesional de Alumnos de Dereito dotando un sindicato estudantil dun enfoque máis profesional. É neste momento, cando tanto na universidade compostelá como na FUE (Federación Universitaria Escolar, da que Calero chegará a ser presidente no 1931) cobran forza os partidarios de galeguizar a universidade e a vida pública galegas. Pronunciará o discurso de apertura do curso onde, por primeira vez, soará a voz dun alumno. Intégrase no movemento nacionalista en 1931 e súmase ao Partido Galeguista. Participa na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia, que a guerra civil interromperá, e colabora nas máis destacadas revistas literarias como *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*..., alternando con autores como Castelao, Risco e Otero Pedrayo.

En 1933, oposita e consegue unha praza como auxiliar administrativo no Concello de Ferrol. Inscríbese no sindicato de Oficios Varios, integrado na UGT (Unión General de Trabajadores). Neste ano tamén casa con Ignacia Ramos, unha moza estudante de Filosofía e Letras na sección de Historia, compañeira de estudos universitarios e escritora, que asinou os seus textos co pseudónimo *María Silgar*, e que influíu notablemente na evolución persoal e intelectual de Ricardo, como constatou Xulio Pardo de Neyra² na obra *Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a historia única*. A parella terá dúas fillas, Margarita e María Victoria.



Carvalho Calero e Ignacia Ramos, de noivos, en 1933. Fonte AS-PG

¹ Os seus primeiros textos foron pezas teatrais; unha delas, un libreto dunha zarzuela que se chamaba *El puente de los enamorados*, e tamén unha comedia en verso titulada *La cruz más santa* que, coma outras máis, non se conservaron. Con 14 anos iniciou a súa produción poética na revista ferrolá *Maruxa*, onde asinou co pseudónimo *Ilex*. Máis tarde, publicaría na revista *Vida gallega* e en *El Correo Gallego*.

² Xulio Pardo de Neyra é o autor da obra *Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a historia única*, Embora, Ferrol 2019. Nela describe a vida e a obra do escritor galeguista nos diferentes contextos nos que viviu e descóbrenos as influencias e transcendencia da súa dona. Afirmo Pardo de Neyra: “Coido que a influencia da familia política foi capital; é certo que as tres mulleres da casa dedicáronse a lle facer máis cómoda a vida a Carvalho, mais tamén o é que a súa afección polos estudos históricos está determinada pola súa muller”. “Non hai que esquecer que María Ignacia Ramos foi persoa destacada no Seminario de Estudos Galegos e que impartiu aulas de historia a moitas xeracións de lugueses e luguesas”. Tirado de “Ferrol toma a iniciativa”. Edición materiais Carvalho Calero in <https://www.diariodeferrol.com>

O golpe militar sorprendeuno en Madrid cando se ía presentar a un exame para converterse en profesor de Lingua e Literatura española; mentres, a muller esperaba a súa primeira filla en Lugo, á que non coñecerá ata que cumpre cinco anos. Formará parte do batallón Félix Bárzana do sindicato FETE-UGT, co grao de tenente e participará na defensa da capital madrileña. Tras o conflito, enfrontase a un consello de guerra e condénano a 12 anos e un día de reclusión en Xaén, onde escribirá poesía, cartas e incluso lles dará clases a outros presos; sae en liberdade provisional no ano 1941. Inhabilitado polo franquismo para exercer a función pública, refuxiarase no ensino privado, entre 1950 e 1965. Primeiro, en Ferrol onde nacerá a súa segunda filla. Tan pronto chega a Ferrol, impartirá bacharelato no Centro de Enseñanza General. Vivirán no barrio de Esteiro. Posteriormente, exercerá como docente -xunto coa súa muller- no Colexio Fingoi³ de Lugo. Coñecedor da vangarda pedagóxica europea, foi pioneiro na utilización de métodos didácticos avanzados vencellados ao movemento das Escolas Novas e as directrices do pedagogo francés Celestin Freinet (investigación do contorno social, cultural e natural, organización de roteiros literarios e artísticos, obradoiros que fomentasen as afeccións naturais e o aprecio polas artes e a artesanía...). Alí restablecerá os seus contactos cos galeguistas que permanecían aquí e será o momento en que escriba moitas obras (teatro, narrativa, poesía...).

Carvalho Calero entendía o seu compromiso político vencellado á consciencia do carácter patriótico, á dimensión lingüístico-cultural de Galicia. En palabras de Laura Tato Fontaiña: “Carvalho formaba parte dunha xeración literaria, a do Seminario de Estudos Galegos -diría el- que identificaba literatura con compromiso e, polo tanto, consideraba un deber contribuír á creación dunha literatura nacional tocando todos os xéneros. “Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo”. *Grial. Revista Galega de Literatura*, nº 147.

“A miña relación coa política galega foi sempre unha relación tanxencial que, como a de tantos outros galegos, cunha formación universitaria ou intelectual, se consideraba orientada a resolver os problemas que afectaban á nosa cultura. Entón, eu teño practicado, indudablemente, unha política lingüística e cultural, e de política xeral só me teño ocupado incidentalmente e en canto esa política xeral é un marco para situar dentro dela, por suposto, a política cultural”

“Os anos ferrolanos de Carvalho Calero”. *Conversas...* Carmen Blanco, 1989

En 1958 noméano membro da Real Academia Galega onde ingresa co seu discurso “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía” lido o día 17 de maio de 1958 e respondido polo profesor Otero Pedrayo.

“O problema do noso destino, do noso común destino de homes, ¿non foi tratado sempre?, ¿non é tratado agora?, ¿non será tratado mañá? Cando non esista a vida, poderemos nos despreocupar da vida; cando non exista a morte, poderemos nos descoidar da morte. Mais mentras esistan a vida e a morte -é dicir, mentras esistamos nós-, ises dous lados do ángulo do noso ser, e o vértice -Deus- onde se xuntan ises lados, serán, nunha forma ou noutra, temas naturáls i eternos da nosa meditación. O mesmo acaesce coas grandes obras do espírito humán. Cada época, cada pensador ten algo que dicir sobre elas. Porque hai sempre algo novo en cada época i en cada mente humá, e iso novo que hai en cada mente humá i en cada época reaicioa de novo xeito perante a obra que permanece”.

³ O colexio Fingoi encontrábase situado no medio rural e contaba no seu interior con parques e instalacións de tipo botánico-agrícolas, zoolóxico-gandeiro, obradoiros de carpintería, electricidade, metais, motores de explosión adaptados ao ensino... Favorecía a educación integral do alumnado e fomentaba unha educación galega e galeguista empregando estratexias motivadoras como recitais, dramatizacións... Buscaban unha educación práctica para a vida fuxindo do memorismo e da erudición libresca. Recorrían á persuasión e á motivación fronte ás ordes, coeducación entre nenos e nenas.

Nesta época compaxinará o seu labor como docente xunto co de investigador. Aproveitará para elaborar a súa tese de doutoramento “Aportaciones a la literatura gallega contemporánea” e publicará, en 1963, *Historia da literatura galega contemporánea*. Catro anos despois, en 1967, obtén un posto no Liceo Rosalía de Castro, de Santiago, como agregado. En 1972 converterase no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da USC. O pensador, gran defensor das teses etimoloxistas evolucionará cara a unha firme defensa do reintegracionismo como única vía para o futuro da lingua galega, editará os clásicos e producirá unha extensísima obra ensaística, poética, teatral e narrativa. Será no ano 1981 cando decida mudar o seu apelido Carballo por Carvalho, máis axeitado ás teses que defendía.

“Unha lingua regional dificilmente sobrevive se non é ao mesmo tempo unha lingua nacional. O porvir do galego está en non desvincularse das outras formas do antigo galego-portugués que se manifestan como linguas de uso extracontinental e que poden reforzar o galego depauperado de catro séculos de colonización lingüística castellana e permitirlle facer competencia dentro da propia Galicia ao castellano”.

O porvir da lingua, emitido pola TVG. 2009

Nomeárono membro ordinario da Academia das Ciéncias de Lisboa, membro de honra da Asociación Galega a Língua (AGAL), da Asociación de escritores en lingua galega AELG), das Irmandades da Fala, en 1990, o 7 de xaneiro, día de San Xiao, patrón da cidade de Ferrol, asiste ao seu nomeamento como Fillo Predilecto. Recibiu numerosas homenaxes por parte de distintos sectores da sociedade como amigos, admiradores, alumnos...

No vídeo *Carvalho Calero a posibilidade de rectificar a historia*⁴, Ricardo Carvalho Calero afirma:

“En todo caso, non me sinto frustrado porque eu creio que unha certa impopularidade hai que aceptar sempre se se quer servir realmente ao povo (...) Esperamos contra toda esperanza. Esta frase, que ten xa unha ilustre prosapia, pode servir de lema aos galegos porque mentres que non decidamos suicidarnos como povo, temos que confiar na posibilidade de rectificar a historia e a historia, por suposto, ten que ser rectificadada”

No mesmo ano, o Concello de Ferrol, por iniciativa da Sociedade Cultural Medúlio, institúe o Certame Anual de Narrativa e de Investigación Lingüístico-Literaria Carvalho Calero. Falece o 25 de marzo de 1990 e entérrano no cemiterio de Boisaca de Santiago de Compostela. Seis anos máis tarde, o Parlamento de Galicia nomeouno por unanimidade Fillo Ilustre de Galicia e adquire a súa biblioteca no ano 1997. Instalada nunha sala do Parlamento, está composta por 4872 volumes, 197 títulos de revistas ademais do arquivo persoal do autor, manuscritos e case 4.000 cartas. Todos estes fondos poden ser consultados por estudosos e investigadores da súa figura.

⁴ “Carvalho Calero, a posibilidade de rectificar a historia”. Vídeo coproducido por A Nosa Terra e a Asociación Socio-Pedagóxica galega en 1991. Con guión de Francisco Rodríguez e produción de Xan Carballeira, toma como unha das súas bases narrativas anacos dunha longa entrevista realizada por Francisco Salinas Portugal ao profesor Ricardo Carvalho Calero (recollida no libro *Voz e silencio* de Edicións do Cumio, 1991). A realización do vídeo contou cunha axuda da Universidade de Santiago e a fita en formato VHS incluíuse na edición ese mesmo ano dun especial de A Nosa Terra-A Nosa Cultura, dedicado a Carvalho Calero.

O 30 de outubro de 2010, a cidade de Santiago erixe unha escultura na rúa Xoán Carlos I, preto da casa onde viviu o escritor, na Carreira do Conde.



A Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas 2020 ao insigne profesor lembrando que é “unha das figuras máis relevantes da cultura galega da segunda metade do século XX».

CRONOBIOGRAFÍA RESUMIDA

A biografía de D. Ricardo Carvalho Calero pódese resumir nesta liña temporal:

Nacemento e infancia en Ferrol (1910-1926).

A primeira etapa en Compostela, iníciase en 1926 e remata en 1932.

Desde 1932 a 1936, catro anos, permaneceu en Ferrol. No 33 casa con M^a Ignacia Ramos, docente e escritora que asinaba co pseudónimo *María Silgar*.

A Guerra Civil, tres anos, desde 1936 a 1939 sorpréndeo en Madrid.

Etapas como prisioneiro en Xaén, desde 1939 a 1941. Foron dous anos dos 12 aos que estaba condenado por un delito de rebelión separatista.

Desde 1941 a 1950 regresa a Ferrol, con liberdade condicional (nove anos).

Etapas lucense. Permaneceu en Lugo desde 1950 a 1965 (15 anos).

Segunda etapa compostelá, 20 anos, desde 1965 a 1990. Xubilouse en 1980 e faleceu en 1990.

BIBLIOGRAFÍA

Blanco García, Carmen: *Conversas con Carballo Calero*, Editorial Galaxia, Vigo, 1989.

Carballo Calero, Ricardo: “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía” Discurso de ingreso na RAG, publicacions.academia.gal.

Carballo Calero, Ricardo: *Narrativa completa*. Edicións do Castro, Sada, 1984.

Carballo Calero, Ricardo: *Scórpio*, Através Editora, Santiago, 2017.

Fernán Vello, M. / F. Pillado: *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.

Pardo de Neyra, Xulio: *Á sombra de María Silgar*. Carvalho Calero contra a historia única. Edicións Embora, Ferrol, 2019.

Rodríguez, Francisco e Carballa, Xan: *O porvir da lingua*, vídeo emitido pola TVG. 2009.

Tato Fontaiña, Laura. “Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo”. *Grial. Revista Galega de Literatura*, nº 147.

VV. AA. *Hei de entrar no meu povo. Reivindicarmos Carvalho Calero*. Edicións Embora, agosto 2019.



EDLG

AS PITAS BAIXO A CHÚVIA

PARA TER EN CONTA ANTES DE LER “AS PITAS BAIXO A CHÚVIA”

Este conto publicouse por primeira vez na Revista *Lar*, en Buenos Aires, no ano 1952. Posteriormente, R. Carvalho Calero recolleríao no volume *Narrativa completa*, Edicións do Castro, Sada, 1984. Foi nesta edición na que nos baseamos para reproducir o texto. O conto está localizado no patio do pazo de Serantes, unha das casas onde pasaba o verán a familia do neno Ricardo.

Carvalho Calero empregou neste conto unha grafía próxima ao portugués -que respectamos totalmente-, como vemos no uso de guións cos pronomes, na acentuación, no emprego dalgunhas formas léxicas e na utilización da grafía *j* en lugar de *x*. Para facilitar a lectura, recomendamos que ao lelo se pronuncie o iota – *j*– como *xe*: *hoje=hoxe*; *vejo=vexo*, *plumaje=plumaxe*, *cabuja=cabuxa*... Posteriormente, incluimos un glosario co significado dos termos que aparecen en negra para favorecer a comprensión deste marabilloso texto.

AS PITAS BAIXO A CHÚVIA

Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan **formosos** como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoje vejo, son brancos, grises; as **cristas**, pequeneiras e moradas; as colas, como de galiña, curtas, **raquenas**. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unhas aves ergueitas, **lanzais**, majestosas. Cristas vermellas que **pandeaban** co **pesadume**, feros peteiros, ollos acesos, **colo** tornasolado de **lene** e **fonge** plumaje, **podentes asas**, **esporas** douradas; e a cola un **chafaris** de lumes e de sombras, con aquelas longas **penas**, corvas como **cajados**, como báculos de **pegureiros**, de bispos orientais. Algo de militar, de real, de pontifical habia naqueles galos. Capitáns de Flandres, príncipes **idumeus**, **arquimandritas siríacos**: feitos todos de lóstregos, de veludos, de arquivoltas, de arcos da vella, de solpores, de **roibéns**. Así era o galo máis antigo que lembro. Se **vívese** agora, tería trinta e cinco anos de idade, se cadra. Reinaba no **curro** daquela casa onde pasábamos o verán. O meu pai viña os sábados. Era novo, e bicaba-nos con **lediza**. Merendábamos torradas de pan con manteiga e **azúcar**. Tiñamos unha cabuja tan garimosa e **terna**, que saía connosco e ia atrás de nós, como un cadeliño, polas corredoiras, cando andábamos a cazar grilos.

Moito quería eu aos animais.

No curro pasaba unha grande parte do meu tempo ollando para as galiñas. Via-as **escarabellar** na terra, en procura de vermes e miñocas. Botaba-lles o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado **cacarejar**. Cada ave tiña un nome posto por min, e eran tan estreitas as relacións entre min e elas, que cheguei a coidar que nos comunicábamos co pensamento, e sostiña longos diálogos mentais coas bulidoras pitas e o seu formoso e **acougado** rei.

Unha **lufada** de vento, de sócato, **comoveu** o ar. E unha nube moura **esbarrou** polo **céu**. **Laiaron**-se as **árboles** docemente, e **agiña** se **velou** o sol. A **abóbada** azul fixo-se gris e fría. E a chuvia comezou a cair. Era unha chuvia de verán, torrencial, esmagadora. A terra seca bebeu arelosamente as primeiras águas. Logo, encheita, rejeitou beber máis. Pozas e miúdos regueiros xurdiron entre a lama. **Alampou** un lóstrego. Como se un carro de patacas **emborcase** a sua **cárrega**, a rolar, polo teito do ceu, o trebón retumbou.

Non había poleiro **acaroado** ao curro. Recollían-se as pitas pola noite dentro da casa, nun **rocho** ajeitado. Aquel serán, detrás de unha fiestra, eu ollaba chover. E de **súbito** vin as pitas. ¡Malpocadas! Coas colas baixas, a cabeza afundida, **arrechegadas** ao muro, nos recantos, **esmaecidas**, murchas, tristesiras, a água escorregaba por riba delas, teimosa, cruelmente. Non o puden aturar. Baixei como un lóstrego e abrin-lles a porta da casa. Mais as galiñas non se moveron. Chamei-nas en van. “Churras, churras”. E sain ao curro, **atafegado**, para conducir a **greia** a teito. Mais cando chegaba cabo de unha ave, esta fugia-me, e alongaba-se máis cada vez. Así, mollado eu mesmo até non poder máis, puxen-me a berrar e a chorar con desconsolo.

Na casa foi notada a miña manobra. O meu pai ordenou desde a fiestra a miña retirada. Mais ¿Cómo ia deixar que a agua **apodrecese** os **osos** dos pobres animais? ¿Quizá os catarros, as pulmonías, o reuma non existían para as galiñas? O meu pai dicía que as **suas** plumas eran impermeábeis, mais isto non o podía eu crer. Seguí correndo detrás das pitas, como tolo.

Entón a miña **aboa saiu** con un **paráguas** e pretendeu recoller-me. Eu non a ouvía **nen** a via, sempre a chorar e a correr atrás das cativas aves. **Agiña** estiveron no curro a miña nai, as criadas, o meu pai, a miña tia, todos os **guardachuvas** da casa. **Corria** eu tras as pitas. **Corrian** os **paráguas** detrás miña. Até que cambiou a táctica da **perseguição**. Convencidos de que non regresaría a casa se as galiñas ficaban **fora**, os maiores, escindidos en patrullas, adicaron-se a cazar as aves. Pouco a pouco, mentres a chuvia **apouvigaba** os paráguas, as galiñas foron **caindo** nas mans das persoas e foron sendo postas ao abrigo. Muito nos deu que facer o galo. Por fin, a miña **aboa** atingiu-no pola cola. Mais ao se botar a el, esbarrou e **caiu**. Ficou a carón do chan con todo o corpo. Perdeu o paráguas, mais non perdeu o galo. Só entón, ja ceibes da chuvia os animalíños, me acollín a teito eu, e todos os que interviñeran na **cazata**.

Mália os paráguas, estábamos todos mollados como pitos.

GLOSARIO

Formoso: de formas agradables, bonito. Termo portugués. En galego normativo, fermoso.

Crista: apéndice e carne de cor vermella que teñen sobre a cabeza certas aves como os galos que, ademais, teñen plumas.

Raquenas: pequenas.

Lanzais: altas, delgadas, ben proporcionadas.

Pandeaban: movíanse para os lados e torcíanse co peso.

Pesadume: o autor emprega este termo co significado que presenta en portugués: peso. No galego normativo, significa tristura.

Colo: é sinónimo de pescozo.

Lene. lixeiro.

Fonge: esponxoso.

Podentes: poderosas, fortes.

Asas: membro dos corpos das aves que lles serve para voar; a forma normativa é ás ou alas.

Esporas: especie de uñas que teñen os galos nos tarsos. A forma normativa é esporón.

Chafaris: a forma normativa é chafariz, unha fonte con varios pichos por onde sae a auga a chorro. O autor compara a cola do galo cunha fonte e os chorros de auga que saen dela, coas plumas vermellas -lumes- e negras -sombras- que loce. Está acentuado como en portugués. En galego normativo levaría acento.

Penas: plumas. Termo que pervive en portugués e que existiu e se usou en galego.

Cajados: paus toscos con puño que serven de apoio ao camiñar. Úsano, a miúdo, os pastores. Forma portuguesa. A forma normativa é caxato.

Pegureiros: persoas que coidan o gando.

Idumeus: que proceden da Idumea, rexión de Palestina.

Arquimandritas: superior de certos mosteiros na Igrexa grega.

Siríacos: natural de Siria.

Roibén: luz radiante en tons vermellos que tingue as nubes no horizonte ao abrir o día ou ao atardecer, cando lles dá o sol. A forma normativa é roibén.

Vívese: o autor parte do infinitivo viver, termo portugués. A forma normativa galega é vivir>vivise.

Curro: espazo situado preto ou a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña, o toxo... Neste caso, onde se gardan as galiñas e os galos. O sinónimo é curral.

Lediza: a forma normativa é ledicia, sinónima de alegría.

Azúcar: en portugués escríbese con ç: açúcar. Azúcar é un castelanismo; a forma normativa é azucre.

Garimoso: a forma normativa é agarimoso, sinónimo de cariñoso.

Terna: que amosa afecto ou cariño, forma portuguesa; o adxectivo normativo é tenra.

Escarabellar: remover a terra coas patas. A forma normativa debe grafarse con -v-: escaravellar.

Cacarejar: voz das galiñas.

Bulidoras: movidas, inquedas.

Acougado: tranquilo.

Lufada: golpe de vento.

Comoveu: causa conmoción; este termo é portugués, a forma normativa en galego é conmoover.

Esbarou: desprazarse. Este termo está grafado como en portugués. A forma normativa en galego é esvarar, xa que en latín tamén se grafaba con v. exvarare.

Céu: termo portugués. En galego normativo, ceo.

Laiaaron-se: queixarse. Grafado como en portugués, con guión entre o verbo e o pronome. En galego

normativo: laiáronse.

Árboles: castelanismo; a forma normativa galega é árbore.

Velou: tapou.

Abóbada: forma portuguesa. En galego normativo, bóveda; neste caso, sinónimo de ceo.

Arelosamente: con ganas.

Encheita: chea, farta.

Alampou: producíronse relampos ou lóstregos.

Emborcarse: dar a volta e verter o que hai dentro. Esta grafía correspóndese co portugués. A forma galega normativa é envorcar.

Cárrega: carga. En portugués existe o verbo carregar pero o substantivo correcto é carga igual ca en galego.

Acaroadado: pegado, situado a carón de, xunto a.

Rochó: lugar pequeno onde se adoitan gardar ferramentas e apeiros, aquí funciona como un galiñeiro.

Súbito: de forma repentina. Aínda que son correctas súbito-súbita, a locución correcta en galego normativo é “de súpeto”.

Arrechegadas: pegadas.

Esmaecidas: sen cor e esmorecidas, sen forzas. Forma portuguesa.

Atafegado: sen respiración.

Grea: neste caso, conxunto de animais, grupo.

Apodrecese: poñerse podre, estragarse. Forma portuguesa; a normativa galega é podrecer.

Oso: órgano duro e sólido que compón o esqueleto. En galego, pronúnciase con o aberto, polo tanto, ten que levar acento diacrítico para diferenciarlo de oso, animal.

Sua: en galego o posesivo ten que levar acento: súa

Aboa: a forma galega avó procede do latín avus, avi, polo tanto, debe grafarse con v, igual ca en portugués.

Saiu: este verbo está composto por tres sílabas e ten que levar acento: saíu.

Paráguas: a forma galega estándar é paraugas.

Nen: o termo normativo é nin.

Corria: a acentuación correcta é corría.

Perseguizón: o substantivo correcto non deriva de perseguir senón da forma latina persecutio, persecutionis; por iso o correcto é persecución.

Fora: o adverbio na súa forma normativa é fóra. O o pronúnciase aberto e leva acento diacrítico para distinguilo de fora (do verbo ser ou do verbo ir), que se pronuncia con o pechado.

Apouvigaba: neste texto, o autor emprégao co significado de “bater con forza” sobre os paraugas.

Caindo: o xerundio do verbo caer é caendo.

Atingiu: chegou a coller, pillou.

Cazata: sinónimo de caza.

1. INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica está deseñada para alumnos de 10 ou 11 anos, que estean a cursar 5.º ou 6.º de primaria

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden acadar con esta unidade didáctica son os seguintes:

1. Achegar a figura e a obra de Ricardo Carvalho Calero, o persoeiro ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas do ano 2020, aos alumnos que están a piques de rematar a primaria.
2. Ler un conto fermosísimo deste destacado escritor, analízalo e comentalo para poder comprender o seu contido.
3. Ser capaces de emitir valoracións persoais axeitadas á súa idade e ao nivel das súas capacidades partindo dun texto literario breve.
4. Crear producións literarias propias, coherentes, cohesionadas e adecuadas, a partir do exemplo que supón este pequeno conto.
5. Iniciarse na valoración e no gozo estético dos textos literarios.

Estes contidos pretenden desenvolver o obxectivo e) e o o) recollidos como uns dos obxectivos da educación primaria no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. CONTIDOS

Os contidos desta unidade englobanse fundamentalmente no bloque 5, correspondente á Educación Literaria, recollidos no DECRETO 105/2014. Porén trabállanse, ademais, contidos do bloque 2 (Comunicación escrita: ler), en concreto aqueles referidos ao achegamento ao feito literario, para que o alumnado o recoñeza como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal; e, por último, contidos propios do bloque 3 (Comunicación escrita: escribir), co gallo de motivar outro tipo de produción escrita que atenda especialmente a creatividade do alumnado.

Velaquí os contidos desta unidade dedicada ao conto *As pitas baixo a chuvia*.

- ▷ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- ▷ B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).
- ▷ B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.
- ▷ B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos.
- ▷ B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- ▷ B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.
- ▷ B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).
- ▷ B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

- ▷ B3.5. Redacción de textos breves creativos: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...
- ▷ B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.
- ▷ B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- ▷ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

4. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias claves ou básicas que se traballan nesta unidade son, fundamentalmente, a Competencia para a Comunicación Lingüística e a Competencia para Aprender a Aprender, pero tamén, aínda que en menor medida, a Competencia Dixital, as Competencias Sociais e Cívicas, a Conciencia e Expresións Culturais e o Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor.

5. METODOLOXÍA

A metodoloxía que guía esta unidade procura:

- ▷ Unha **aprendizaxe significativa**, partindo dunha actividade inicial que permita detectar os coñecementos dos alumnos sobre a vida e a obra de Ricardo Carvalho Calero.
- ▷ A **construtividade da aprendizaxe**, facendo os alumnos partícipes da exposición guiada dos contidos achegando os seus propios coñecementos sobre o tema e propoñendo actividades motivadoras que se expoñen deseguido.

6. ACTIVIDADES

Actividades de iniciación

1. **Remuíño de ideas** para indagar sobre os coñecementos que teñen os alumnos acerca da vida e a obra de Ricardo Carvalho Calero.
2. **Ordenar** unhas viñetas que fagan referencia aos momentos máis salientables da vida de Carvalho Calero.
3. **Sinalar** no mapa de España os lugares onde viviu o autor. Unilos facendo o “camiño” percorrido na súa vida...
4. **Realizar ou completar** un eixe temporal marcando os feitos e etapas destacadas da vida do autor.
5. **Seminario de estudos galegos: realizar** un mural ou maqueta dunha aula e pegar nas cadeiras as fotografías dos autores que coñezan e coincidiran no tempo con Carvalho Calero.
6. **Remuíño de ideas** sobre o contido do conto a partir da lectura do título, exposición das diferentes hipóteses e comprobación de cal se axeita máis ao contido despois de ler o texto.

Actividades de desenvolvemento

1. **Primeira lectura** do conto en voz alta e coa entoación adecuada e aclaración das palabras de difícil comprensión con axuda do glosario que se achega.
2. **Segunda lectura**, desta volta individual e en silencio, co obxectivo de propiciar a comprensión do conto.
3. **Traballo sobre a comprensión do conto: coloquio** sobre o que entenderon do conto e, de non quedar suficientemente clarificado o seu contido, a mestra ou o mestre poden formular as preguntas que consideren convenientes para que os alumnos acaben de comprendelo.
4. **Establecer** as dúas partes das que consta o conto: a parte descritiva e a parte narrativa.
5. **Poñer** en común entre todos a opinión persoal sobre o conto, de xeito razoado e ben fundamentado.

Actividades de aplicación

1. **Facer** un debuxo do galo da lectura e outro dos galos actuais, tal como se describen no texto.
2. **Elaborar familias de animais domésticos**: incluír primeiro as que aparecen no texto e, deseguido, engadir as doutros animais domésticos.
3. **Completar** un mapa conceptual do tempo atmosférico cos termos do texto e outros engadidos.
4. **Comparar** grafías reintegracionistas/normativas en dúas columnas.
5. **Describir** o seu animal doméstico favorito, tentando facelo ao xeito do autor no conto.
6. **Escribir** unha anécdota real ou inventada semellante á que conta o autor no conto que estamos a traballar.

Actividades de reforzo

Este tipo de actividades están destinadas aos alumnos que presenten máis dificultades na súa comprensión.

1. Realizar manualmente (debuxo, plastilina...) un **trofeo, medalla...** que ilustre as diferentes ocupacións ás que se dedicou Ricardo (mestre, soldado, escritor...) e formar unha vitrina na aula ou no corredor.
2. Completar un **resumo** do conto facilitado pola mestra ou mestre.

Actividades de ampliación

Estas actividades son para aqueles alumnos que amosen interese por afondar no conto ou traballalo desde outra perspectiva.

1. Elaboración dun **cómic** a partir do fragmento narrativo do conto. Poden facelo de xeito manual ou dixitalmente botando man de programas como Pixton, ToonDoo, Play Comic...
2. Elaboración dun **pequeno texto teatral** partindo do fragmento narrativo do conto e posterior dramatización ante o resto dos compañeiros e compañeiras.

Actividades de síntese e avaliación

1. Elaboración dun **mapa conceptual** que reflicta as principais características da vida de Ricardo Carvalho Calero, establecendo as relacións existentes entre elas.
2. Responder unhas **cuestións** sobre o contido e a forma do conto, propostas pola mestra ou o mestre.

7. RECURSOS

Para o desenvolvemento desta unidade didáctica precísanse unha serie de recursos materiais que indicamos deseguido: o encerado, o texto do conto xunto co glosario, e ordenadores persoais con procesador de textos e acceso á Internet.

8. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Esta unidade vai dirixida a un grupo de alumnos heteroxéneo, con distinta competencia lingüística oral e escrita e con diferentes ritmos de aprendizaxe, características que se atenderán mediante actividades de reforzo, para os que teñan máis dificultades na asimilación de contidos, e actividades de ampliación, destinadas aos alumnos que desexen profundar nos contidos ou traballalos desde outra perspectiva, como xa se indicou anteriormente.

9. AVALIACIÓN

1. Criterios de avaliación

Estes son os criterios de avaliación que, en correspondencia cos contidos establecidos, indica o DECRETO 105/2014.

- ▷ B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
- ▷ B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.
- ▷ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.
- ▷ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios.
- ▷ B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.
- ▷ B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.
- ▷ B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.
- ▷ B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.
- ▷ B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.
- ▷ B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.
- ▷ B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.
- ▷ B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.
- ▷ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

2. Procedementos e instrumentos de avaliación

► A avaliación desta unidade farase mediante:

Avaliación por estándares de aprendizaxe: levarase a cabo mediante a observación do traballo realizado polos alumnos. A devandita observación estará baseada nos estándares que se detallan na táboa seguinte.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL
LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.				
LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.				
LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.				
LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.				
LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.				
LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.				
LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.				
LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.				
LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.				
LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.				
LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.				
LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.				
LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.				
LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.				
LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.				
LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe.				
LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.				

